


De novembro a novembro

Actividades da nosa asociación

Nas derradeiras páxinas deste número, ano 16 da revista, imos facer un resumo das actividades realizadas nese período, levadas a cabo polo apoio dos socios e socias, e en especial polo que se refire a Exposición de Agosto e a publicación da nosa Revista pola axuda económica solicitada ó Concello, como en pasados anos, ó abeiro das "Bases e convocatoria para a concesión de subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan accións no eido da cultura no ano 2012", feito a destacar este apoio ás actividades culturais nos actuais tempos de crise económica, e que a nosa Asociación non podería levar a fin só coa cota dos asociados.

Así, a través do ano e de xeito cíclico fomos realizando unha serie de actividades, en especial, na defensa da nosa lingua e do patrimonio histórico, etnográfico, ambiental e cultural presente na nosa parroquia.

Presentación da Revista nº 15.



Asociación Sociocultural CEDOFEITA · Lárez · Pontevedra · Novembro 2011 · nº 15

No serán do martes 29 de novembro, presentamos na Galería Sargadelos de Pontevedra o número 15 da nosa revista, na que se recollen diversos traballos de investigación histórica "Frei Prudencio de Sandoval e o documento de doazón do castelo de Cedofeita de 1169", "Lárez e a Vía Romana XIX"; sobre arte "O canto das sereas. Unha iconografía da muller pecadora na catedral compostelá"; verbo da exposición de agosto "Aprende cachola... mostra fotográfica e documental: Escolas e Mestres de Lárez"; no eido da astronomía "Recuperar a emoción de ver o ceo", ou medio ambientais "A voltas coa Xunqueira e Illa do Covo", "Bichos contra bichos, insectos beneficiosos", de lembranzas "Vigo, Pontevedra e o aviador Garnier. Rememorando un conflito", "De conversa. Pepe o Ruibal, un home que se fixo a si mesmo", "Cousas dos rapaces daquela época" ou "Un día na Pena Corneira", e de diverso eido "O tinxido con plantas", "Novos cultivos en Lárez: o guaiabo fresa", "Riscos do mal uso das tecnoloxías", "Reflexións sobre a crise económica" e a sempre necesaria páxina de humor. Ademais dun comentario as distincións recibidas pola nosa asociación "Premio cidade de Pontevedra 2010" galardón outorgado por acordo unánime do Corporación Municipal nese ano, así como pola distinción concedida no verán de 2011 a Cedofeita pola Agrupación de Amigos de Lárez". Na presentación falan sobre os seus artigos Benigno García Casalderrey, Mercedes Gualtería Pintos Barreiro e Esther Núñez Pintos, ademais de contar coa participación do virtuoso frautista barrense Adrián Silva.

Inauguración da Casa da Cultura de Lárez.



Na tarde do sábado 11 febreiro do ano que andamos, foi inaugurada oficialmente a Casa da

Cultura polo alcalde de Pontevedra Miguel Anxo Fernández Lores, que xa estivera presente o 16 de xuño do 2010 coa colocación da primeira pedra, do demolido Local Social Recreativo de Lárez, construído no 1933 pola Asociación Juventud Lerezana e incautado polo franquismo. Na mesa tamén estaba o Presidente de Comunidade Montes Veciñais en Man Común de Lárez, propietaria do local, Miguel Anxo Vilacoba García, o Presidente da Asociación de Veciños Valentín Carballa Iglesias, o Presidente da Asociación do Stmo. Cristo del Consuelo Manuel Ogando Casalderrey e o Presidente da Asociación Sociocultural Cedofeita Xosé Álvarez Castro.

Ó día seguinte, domingo 12, charla sobre a historia do antigo edificio a cargo de Xaime Iglesias González e Xosé Álvarez Castro.

Asemblea

Celebrouse a Asemblea Ordinaria na noite do 8 de marzo de 2012 con aceptable asistencia de asociados e asociadas, data na que xa andabamos no número de 138. Aprobouse a acta da sesión anterior, dando lectura á memoria de actividades, ó estado de contas, ó orzamento para o próximo exercicio, e o plano de actividades para 2012.

Conferencia "Barriga Verde: monicreques en galego"



No salón de actos da recentemente inaugurada Casa da Cultura tivo lugar na tarde do 12 de maio, a disertación de Jaime Iglesias González sobre "Barriga Verde: monicreques en galego". O conferenciante estudoso do personaxe do que ten publicado "Barriga Verde, un persoeiro con engado"

fixo un magnífico percorrido sobre a vida e vivencias polas vilas e pobos de Galicia de José Silvent Martínez "Xosé o dos Muñecos" (1890?-1970) e familia; ó igual ca dos seus bonecos - Barriga Verde, Manuel, Rosiña, o Demo... da súa Barraca, das proxeccións cinematográficas...; apoiada con presentacións visuais, que deleitaron ó numeroso público entre os que se atopaba o seu fillo Alfonso e familia.

Roteiro



O domingo 27 de maio, realizamos o "Roteiro polos vellos camiños de Lárez", que contou coa colaboración da Concellaría de Normalización Lingüística, incluído nas actividades co gallo de "Maio, mes da lingua" e do REAL. O numeroso grupo de participantes percorreron dende as bancadas de Pasarón, o Camiño Vello, Porta do Sol, O Cruceiro, Cimbelo, Casalnovos, O Castelo, Regueira, Couso, A Piolla, pasando polo Mosteiro ata o lugar de partida. Durante o percorrido por parte de membros da Asociación foron citándose os feitos históricos, socio-políticos, xeográficos e da flora e fauna máis salientables.

Viaxe cultural 10 de xuño

No domingo 12 de xuño tivo lugar o tradicional viaxe cultural no que o lecer e a relación entre os asociados asistentes se combina co coñecemento de aspectos históricos e artísticos, así como gastronómicos da zona a visitar. Este ano visitamos a vila de Melgaço e o seu Museo-Espazo Memoria e Fronteira, o Centro de interpretación do viño e a lamprea de Arbo,



Salvaterra, Monção, a Quinta/Palácio da Brejoeira (Pinheiros.-Monção) e a Catedral de Tui e o seu museo, claustro e ameas.

Exposición

Nos días 4,5,6 e 7 de agosto levamos a cabo a XVIII Exposición, tradicional por San Salvador "Cen anos de fútbol en Lérez" nas dependencias do Mosteiro, no que mediante 12 paneis reflectíase con textos e fotografías un panorama do fútbol en Lérez dende os lonxanos anos 1906 do foot-ball, e fotografías de equipos dende 1916, ata estes anos; así como sobre xogadores destacados, árbitros, adestradores e directivos en relación os Lérez F.C., Arenas de Lérez, Casal, Sporting Gallego de Lérez, CD Lérez, etc. Complementada con mesados no que se exhibían diferentes trofeos e outra documentación deste eido.



Feira Franca

O sábado 1 de setembro a Asociación participou un ano máis na recreación popular organizada polo Concello da Feira Franca (a XIII), en relación co privilexio concedido a cidade de Pontevedra en 1467 polo rei Enrique IV polos días de San Bertomeu, cun obradoiro sobre a fabricación de papel a partir de vexetais, en especial palla de trigo e centeo, e no que principalmente os nenos e nenas participaron activamente, así como cun axeitado xantar e cea nos arcos do Museo na rúa Sarmiento por membros da Asociación.





XVII Xornadas micolóxicas.

Diciamos do anterior número -15- "O noso grupo Sendiriña organizou a tradicional saída na mañá do 5 de novembro, mais como era de prever pola seca deste ano, a colleita foi meramente testimonial -algún boletus edulis, pínicola e aereus, varios lactarius deliciosus e clavaria áurea e para de contar. Mais o inverno é grande e os cogomelos hai que buscalos". De aí que o sábado 26 dese mesmo mes nun espléndido día e despois de dúas semanas de chuvia, a natureza agraciounos cunha abondosa colleita en especial do xénero boletus, como se pode apreciar na foto, e que foron degustados á noite baixo a dirección do mestre culinario, ademais das múltiples sapiencias, Pepe.

Outras participacións e colaboracións.



O sábado 10 de decembro, organizado pola Concellaría de Patrimonio Histórico, membros da nosa Asociación participamos nunha visita á área etnoarqueolóxica de Estes-Cal do outeiro en Saiáns e na visita ó Outeiro dos Lameiros en Sabaris-Baiona, no que Xosé Lois Vilar -Vicepresidente do Instituto de Estudos Miñoranos-, activista cultural, arqueólogo, historiador experto en toponimia, etnógrafo e froiteiro, ademais de fabuloso comunicador deleitounos coa súa sabiduría e humor en especial sobre arte rupestre e talasonimia da zona.

Nestes últimos doce meses a asociación Cedofeita, participou ademais no Consello Aberto da Feira Franca co Concello, Consello Asesor do Patrimonio Artístico de Pontevedra, no REAL, coa Asociación Cultural O Burgo, Verbo Xido, Consello Parroquial, CEIP San Bieito, coas asociacións da parroquia, etc.

► A entidade que preside Xosé Álvarez edita diversos artigos sobre aspectos descoñecidos da

Alvarez Castro, explica que a diversidade de contidos caracteriza a esta revista, cunha especial atención aos aspectos de investigación histórica e ambiental. Escribe unha completa crónica do sucedido naqueles días e a repercusión do enfrontamento que fixo intervenir ao



Cedofeita repasa a historia da Vía XIX, do castelo de Lérez e da Xunqueira

JOSE ESTÉVEZ
A Asociación Sociocultural Cedofeita e os seus colaboradores seguen a recuperar a historia da parroquia de Lérez. Onte deron un paso máis na divulgación da etnografía e doutros ámbitos de interese relacionados con esta zona do rural pontevedrés coa presentación dun novo exemplar da súa revista, que fai o número 15 da publicación, caracterizada pola diversidade de contidos (con especial atención aos aspectos de investigación histórica e ambiental referidos a nosa bisbarra ou de

interese máis xeral). Xosé Abilleira continúa coa divulgación da documentación sobre o castelo de Cedofeita. Nesta ocasión analiza os escritos de Frei Prudencio de Sandoval sobre a documentación da doazón da dita fortaleza, efectuada polo rei Fernando II á igrexa compostelá en marzo de 1169. Benigno García, neste ano no que se cumpre o centenario do histórico conflito entre as cidades de Vigo e Pontevedra arredor das acrobacias do aviador Garnier, escribe unha completa crónica do sucedido naqueles días e a reper-



Un momento da presentación da revista, onte. ALBA VIZCARRA

cusión do enfrontamento que fixo intervenir ao mesmo presidente de Goberno español, que daquela era José Canalejas. O presidente de Cedofeita, Xosé Álvarez, fai a súa achega á revista cun artigo sobre a calzada ou Vía

Romana XIX, no tramo que discorre por Lérez. «Esta parroquia comenta -conta con restos históricos dunha grande importancia, algúns un pouco máis coñecidos, como o mosteiro de San Salvador, e outros ignorados pola maioría

da poboación. Un destes descoñecidos é a vía romana que atravesa o seu territorio desde A Santaría ata o límite coa parroquia de Alba». Xosé Álvarez indica no seu artigo que a Vía Romana XIX «debe ser construída na época do emperador Augusto, a principios da nosa era e, como era habitual, debeu reaproveitarse o trazado de camiños máis antigos situados nesta rota natural de comunicación, que sufriu varias reparacións entre os séculos I e IV». Amancio Castro, outro dos autores que colaboran na revista Cedofeita, escribe sobre a xunqueira do Covó e a súa transformación no tempo, mentres que a asociación Sirio anima a recuperar a emoción de ver o cobo a través do observatorio de Ceoade. A profesora Cristina Regueira e Mercedes Gualtería son outras das colaboradoras da publicación.


La historia de la comarca, protagonista del número 15 de la revista "Cedofeita"

La galería Sargadelos ha presentado ayer del nuevo número de la revista "Cedofeita" que analiza la Vía Romana el tramo que discurre por Lérez. Para su parte, Amancio Castro dedica un artículo a la Xunqueira do Covó y su transformación y desde la asociación Sirio, Ángel Valverde anima a los lectores a "recuperar la emoción de ver el cobo". La edición académica, diferentes aspectos de la Pontevedra hace años o las escuelas de finales del siglo XIX son otros de los temas analizados.

El castillo de Cedofeita marca el inicio de la historia de la parroquia de Lérez

» Es una de las

La Voz de Galicia | Miércoles, 30 de noviembre del 2011



PRESENTACIÓN EN SARGADELOS

Cedofeita profundiza en la historia de Lérez

La asociación sociocultural Cedofeita de Lérez profundiza sobre el antiguo castelo de Cedofeita. En esta ocasión analiza los escritos de Frei Prudencio de Sandoval sobre la documentación de la doación de la fortaleza, efectuada por el rey Fernando II a la iglesia compostelana en marzo de 1169. Benigno García, en este año que se cumple el centenario del histórico conflicto entre las ciudades de Vigo y Pontevedra, escribe una completa crónica del sucedido en aquellos días y la repercusión del enfrentamiento que hizo intervenir al mismo presidente de Gobierno español, que en aquel momento era José Canalejas. El presidente de Cedofeita, Xosé Álvarez, aporta su contribución a la revista con un artículo sobre la calzada romana XIX, en el tramo que discurre por Lérez. «Esta parroquia cuenta con restos históricos de gran importancia, algunos un poco más conocidos, como el monasterio de San Salvador, y otros ignorados por la mayoría de la población. Uno de estos desconocidos es la vía romana que atraviesa su territorio desde A Santaría hasta el límite con la parroquia de Alba». Xosé Álvarez indica en su artículo que la Vía Romana XIX «debe ser construida en la época del emperador Augusto, a principios de nuestra era y, como era habitual, debió reaproveitarse el trazado de caminos más antiguos situados en esta ruta natural de comunicación, que sufrió varias reparaciones entre los siglos I y IV». Amancio Castro, otro de los autores que colaboran en la revista Cedofeita, escribe sobre la Xunqueira do Covó y su transformación en el tiempo, mientras que la asociación Sirio anima a recuperar la emoción de ver el cobo a través del observatorio de Ceoade. La profesora Cristina Regueira y Mercedes Gualtería son otras de las colaboradoras de la publicación.

Fernando II donó la fortaleza a la iglesia compostelana

Las referencias históricas más antiguas que se conocen de la parroquia de Lérez son las referidas a la torre o castillo de Cedofeita o Castafaca, que daba protección a toda la comarca de Pontevedra frente a los ataques de vikingos. Esto llevó al obispo Sandoval a construir esta defensa. El castillo fue conquistado por el rey portugués Alfonso Henriques, aunque Fernando II llevó a cabo la operación de reconquista con, según la leyenda, la intercesión del apóstol Santiago, que hizo que un rayo partiera en dos el castillo. En marzo de 1169, Fernando II donó el castillo de la iglesia compostelana en agradecimiento por la intercesión del apóstol. En el año 916, el rey de Galicia Ordono II llevó a cabo una donación de tierras, zonas y objetos sagrados al abad Guntado, una donación que se conserva una 1179 en el Archivo Nacional. Lérez fue incluida en el aspecto legal, pero fundó la sociedad agraria de la que fueron designados Valentín Pérez Pérez.

Cien años de fútbol en Lérez

Una exposición de fotografías conmemoró la importancia del fútbol en Lérez durante un siglo. El monasterio de la parroquia fue el lugar elegido por la Asociación Sociocultural Cedofeita para albergar esta muestra, por la que pasaron decenas de socios y visitantes. Además, también recogió una muestra de fotos del CD Lérez. (Imágenes cedadas por la asociación)




La muestra se abre hoy a las 11 horas en el Monasterio. MÓNICA IRADO

Cedofeita propone una ruta guiada por el monte Castelo en Lérez

La asociación sociocultural Cedofeita de Lérez organiza para mañana, domingo, 8 de mayo, el roteiro guiado al monte Castelo, con el que se pretende dar a conocer una serie de lugares emblemáticos de Lérez, y de forma particular el monte Castelo, zona en la que se situaba la fortificación conocida con el nombre de Cedofeita. La salida será a las 10 horas del domingo, desde el atrio del monasterio de Lérez. El roteiro tiene una longitud de diez kilómetros, de dificultad media, y una duración aproximada de tres horas y media. Al mismo pueden sumarse todas las personas que lo deseen. A lo largo de la ruta hay diversos cruces de interés, como el de la Tranca, da Xira o el de Benigno, y también un acueducto que conducía agua al monasterio y que se conoce popularmente como O cano do cura. También se observará las especies de hierbas, arbustos y árboles que crecen a lo largo del recorrido.

Un vuelo que enfrentó a Pontevedra y Vigo

Cedofeita recuerda el centenario del conflicto por la exhibición del aviador Garnier, que obligó a intervenir al Gobierno



El aviador Garnier al emprender uno de sus vuelos. © Centenario Representación Pinta Vizcarra

E. LARRIBA PONTEVEDRA / LA VOZ

Un recorrido por la historia del fútbol leрезino y por extensión, del pontevedrés, a lo largo de un siglo. La tradicional exposición del verano de la Asociación Cedofeita está dedicada este año al deporte en la parroquia de Lérez a través de imágenes y textos periodísticos. Los terrenos comunales de la Xunqueira do Covó sirvieron como campo a los primeros futbolistas de la parroquia y las primeras referencias están recogidas en el año 1906 en el periódico La Libertad, que informa de la llegada de mozos de Vilagrança, entre los que se encontraba un inglés, para jugar contra los pontevedreses. En esos primeros años del siglo XX se constituyó el Club de Foot-ball...



La muestra se abre hoy a las 11 horas en el Monasterio. MÓNICA IRADO

FARO DE VIGO SÁBADO, 4 DE AGOSTO DE 2012

Agenda

Actos

Fútbol en Lérez. La asociación sociocultural Cedofeita de Lérez inaugura mañana la exposición "Cien años de fútbol en Lérez". Consiste en un recorrido por la historia del fútbol en esta parroquia pontevedrés a lo largo de un siglo a través de las imágenes y de los textos periodísticos.

lentin Paz Andrade, secretario de la junta directiva, que también fue presidente después de Lérez C.F. y de los años 20 hay imágenes de jugadores de este equipo, como Angelito, Lorenzo, Pacheco, Otero o Passarín. El club futbolístico de esta parroquia pasó por diversos avatares. En los años treinta dio lugar al Eirifa y años más tarde adoptó el nombre de C. D. Lérez. En la muestra también se recogen imágenes de otros jugadores, directivos y clubes fue FC, Pasarón, Deportivo Casal, A Pailloira, Arsenal y Piratas. Más de 150 fotografías, trofeos y otros objetos conforman la exposición que se inaugura hoy a las 11 horas en una sala del Monasterio de Lérez, cedido desinteresadamente por el parroco Crisanto Rial. Permanecerá abierta hasta el día 7 en horario de mañana y tarde, de 11 a 14 horas y de 19 a 22 horas. La colaboración de los vecinos, ex jugadores, directivos y clubes fue